



PREGUNTAS E RESPOSTAS EN RELACIÓN CO DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE NAS ENSINANZAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

7 de maio de 2020

En aplicación das medidas de contención no ámbito educativo e da formación previstas no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma sanitaria ocasionada polo COVID-19, publicouse:

- A Resolución do 23 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se adoptan medidas excepcionais no desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo **durante o curso 2019-2020** para:
 - Flexibilizar a realización da FCT.
 - Establecer o procedemento de avaliación da FCT e Proxecto.
 - Organizar a da FP dual
- As Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do **terceiro trimestre do curso 2019-2020** e se adiantan aspectos para ter en conta na organización académica do curso 2020-2021.

Con este documento, ponse á disposición da comunidade educativa un conxunto de preguntas e respostas coa finalidade a aclarar as dúbidas que puidesen xurdir. Trátase dun documento aberto, que incorporará novas cuestións, de xurdiren novas dúbidas que requiran ser aclaradas.



Módulo de FCT

É posible realizar a FCT en centros de traballo a partir do día 6 de maio de 2020?

Si, é posible.

Isto é así logo de publicadas a Resolución do 23 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e a Resolución do 5 de maio de 2020 (DOG do 6 de maio), da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade a diversos acordos do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop), que levanta a suspensión da realización da Formación en centros de traballo.

Realizarase a FCT en centros de traballo:

- 1 Sempre que as circunstancias sanitarias o permitan.
- 2 Sempre que a empresa estea en disposición de acoller o alumnado.
- 3 Sempre que o alumnado, con carácter voluntario, o desexe e estea en condicións de saúde adecuadas (evitarase a participación de alumnado con riscos de saúde).

A que alumnado van destinadas a flexibilización e a adaptación dos módulos de FCT e de Proxecto?

Son de aplicación ao alumnado que está matriculado en ciclos formativos no curso 2019-2020. Inclúe o alumnado:

- Que accede á FCT na avaliación parcial de módulos de segundo curso do réxime ordinario.
- Da modalidade de FP dual, se é procedente con base na Resolución do 23 de abril de 2020.
- Que accede á FCT na avaliación final de módulos de segundo curso de xuño, na FP básica.



É posible que parte do alumnado dun mesmo grupo realice a FCT en centros de traballo e outro a realice mediante un proxecto ou actividades asociadas á contorna laboral?

Si. Son dúas opcións posibles.

Tendo en conta a situación que estamos a vivir, quizais non dispoñamos de postos en centros de traballo para todo o alumnado, pero se dispoñemos dalgún, debemos poñelos á disposición do alumnado.

Cal é a duración da FCT no caso de que o alumnado realice a FCT en centros de traballo?

Aplicase a normativa xeral: 384 horas en grao superior, 410 horas en grao medio e 320 en FP básica, e 160 horas nos programas formativos. Neste caso, pode que non titulen en xuño.

Para que o alumnado poida titular en xuño, aplicaríanse as medidas de flexibilización, ata os mínimos previstos nos reais decretos polos que se establecen os títulos: 220 horas nos graos medio e superior, 130 horas na FP básica e 65 en programas FPB.

A duración da FCT en centros de traballo pode ser superior á establecida nas medidas de flexibilización da FCT?

Si.

A resolución establece textualmente, “reducir a duración deste módulo **ATA OS MÍNIMOS** previstos nos reais decretos polos que se establecen os títulos e as súas ensinanzas mínimas: 220 horas no caso de ciclos de grao medio e de grao superior, 130 horas nos ciclos de grao profesional básico” e 65 en Programas FPB.

Xa que logo, a duración da FCT estará entre estes límites, con prioridade á máxima posible:

- Nos ciclos de grao superior: entre 220 horas e 384 horas.
- Nos ciclos de grao medio: entre 220 horas e 410 horas.
- Nos ciclos de FP básica: entre 130 horas e 320 horas.
- Nos programas formativos: entre 65 horas e 160 horas.

Como se establece a duración?

Tendo en conta as limitacións temporais que establece a norma: datas de inicio e/ou finalización da FCT.
Exemplos:

- A finalización da actividade lectiva do curso escolar, en xuño 2020.
- A realización da FCT fóra do período ordinario, no curso actual, antes do 31 de agosto de 2020.



Exemplo:

No caso da realización da FCT no período ordinario, rematando en xuño de 2020:

- Que a empresa non estea en disposición de acoller o alumnado ata o 15 de maio.

Para GM e GS, a FCT terá unha duración de 220 horas ou superior, aínda que non chegaría á establecida nos currículos.

Para FPB, a FCT terá unha duración de 130 horas ou superior, aínda que non chegaría á establecida nos currículos.
- Que a empresa estea en disposición de acoller o alumnado o 1 de xuño.

Para GM e GS, a duración da FCT non pode chegar ao mínimo de 220 horas establecido.

Para FPB, terá unha duración de 130 ou algo superior, aínda que non acadaría a establecida nos currículos.

Para programas formativos de FPB, terá a duración da FCT establecida (160 horas).

Pódese combinar a realización da FCT en centros de traballo coa elaboración do proxecto nos ciclos de grao superior ou coa elaboración dunha proposta de actividades asociadas á contorna laboral nos ciclos de grao medio e de FP básica?

Si, de xeito excepcional.

Por exemplo, no caso de que o alumnado teña realizada parte da FCT sen chegar ás horas mínimas esixidas e a empresa non poida seguir co acollemento do alumnado, ou que o alumnado poida realizar algún tempo na empresa pero non chegue ao mínimo establecido. Neste caso pódese optar por realizar un acordo con outra empresa para a realización do resto da FCT, ou ben completar as horas cun proxecto.

Cal é duración da FCT fóra do período ordinario, no curso actual, antes do 31 de agosto de 2020?

A indicada anteriormente, entre estes límites, con prioridade á máxima posible:

- Nos ciclos de grao superior: entre 220 horas e 384 horas.
- Nos ciclos de grao medio: entre 220 horas e 410 horas.
- Nos ciclos de FP básica: entre 130 horas e 320 horas.
- Nos programas formativos: entre 65 horas e 160 horas.



Cal é duración da FCT nos períodos extraordinarios do próximo curso 2020-2021, despois do 1 de setembro de 2020?

A establecida con carácter xeral na norma:

- Nos ciclos de grao superior: 384 horas.
- Nos ciclos de grao medio: 410 horas.
- Nos ciclos de FP básica: 320 horas.
- Nos programas formativos: 160 horas.

En que momento debe ser avaliado o alumnado que realiza a FCT fóra do período ordinario, no curso actual, antes do 31 de agosto de 2020?

Será avaliado logo de que remate a FCT. A avaliación poderá realizarse na primeira semana de setembro, aínda que corresponderá ao curso 2019-2020.

Cumprirá que o centro xere un novo grupo, distinto do que contén o alumnado avaliado en xuño.

É preciso realizar unha nova matrícula en Xade para o alumnado do réxime ordinario que optou por realizar a FCT a partir do 1 de setembro de 2020, sen consumir convocatoria?

Si.

Tal como se recolle no punto 1.2.b.i) da Resolución do 23 de abril de 2020, para os efectos de non consumir a convocatoria asociada á matrícula do curso 2019-2020, en xuño, a FCT será avaliada como unha renuncia, e indicárase en observacións "COVID19 - curso 2019-2020.

Como a nivel de Xade ten a consideración de renuncia, é preciso realizar unha nova matrícula.

Contará para todos os efectos como curso 2020-2021.

Pódese matricular alumnado na FCT (e, de ser o caso, no Proxecto) para o período extraordinario de abril-xuño do curso 2019-2020?

Con carácter xeral, as medidas de flexibilización na FCT non están pensadas para esta situación. Ademais, hai que ter en conta que os prazos administrativos están interrompidos.

En calquera caso, sempre pode haber alumnado que xa tiña pensado realizar a FCT neste período buscando, por exemplo, a inserción profesional ou obter a titulación en xuño, e, por tanto, na medida do posible, débese facilitar a incorporación deste alumnado a realizar a FCT.



Aplícanse as medidas de flexibilización ao alumnado matriculado na FCT e/ou en Proxecto no período extraordinario de abril-xuño do curso 2019-2020?

Si, terá que realizar a FCT e o módulo de Proxecto nese período, o que inclúe a posibilidade de rematar antes do 31 de agosto de 2020.

Non é de aplicación o punto 2.2.b. da Resolución do 23 de abril, realizar o proxecto no período de abril a xuño, e a FCT a partir do 1 de setembro.

Se o alumnado desexa realizar a FCT a partir de setembro, deberase matricular en setembro para a realización da FCT e do Proxecto e contará para todos os efectos como curso 2020-2021.

A que alumnado é aplicable a realización da FCT fóra do período ordinario, no curso actual, antes do 31 de agosto de 2020?

Soamente ao alumnado que accedeu á FCT na avaliación previa de FCT en período ordinario (marzo-abril), ou ao alumnado que se matricule na FCT (e, de ser o caso, no Proxecto) no período extraordinario de abril-xuño.

Non é de aplicación ao alumnado que poida acceder á FCT na avaliación final de módulos de segundo curso (xuño).

Terá que facelo a partir do 1 de setembro e contará para todos os efectos como curso 2020-2021.

E canto ás bolsas de estudos do MEFP, o alumnado que realiza a FCT e/ou o Proxecto a partir do 1 de setembro de 2020 (outro curso) conservará a bolsa?

Tal como se recolle no punto 1.2.b.i) da Resolución do 23 de abril de 2020, para a realización da FCT a partir do 1 de setembro de 2020, na avaliación de xuño o módulo de FCT será avaliado como unha renuncia.

A renuncia a realizar a FCT no período ordinario pode provocar que o/a alumno/a non teña dereito á percepción desta bolsa para o próximo curso.

O centro deberá informar e deixar constancia de que se informou o alumnado desta circunstancia.

Haberá axudas para o alumnado que realiza a FCT ou FP dual para o ano 2020?

Si.

A orde pola que se convocan as axudas económicas para o alumnado que realiza FCT ou FP dual para o curso 2019-2020 publicarase proximamente.



O alumnado afectado pola suspensión da realización da FCT no marco do programa de mobilidade Erasmus ten algunha opción de se acoller de novo a esta vía?

O alumnado que tiña aprobada unha mobilidade e non a puidese exercer dadas as circunstancias provocadas polo COVID-19 poderá desprazar a devandita mobilidade e realizar a FCT a partir do 1 de setembro 2020, se se dan as condicións axeitadas.

Tamén, no caso de que titule, poderá solicitar unha bolsa Erasmus para os que acaban de titular.

Como realiza o seguimento o/a titor/a de FCT? Precisa algún documento que permita o seu desprazamento?

Habilitada a posibilidade de realización da FCT, logo de publicadas a Resolución do 23 de abril e a Resolución do 5 de maio, os/as tutores/as están acreditados/as para realizaren esta función e, de ser o caso, poderán contar cun documento que certifique esta condición expedido pola dirección do centro educativo.

Con independencia do anterior, con carácter xeral, o seguimento pódese realizar de xeito telemático, nomeadamente se o centro de traballo ou a empresa xa veñen colaborando co centro educativo.

Como se procede coa sinatura dos convenios?

Pódese facer con sinatura electrónica, a través da remisión por correo, mensaxaría, etc., e tamén de xeito presencial. Estarase ao que favoreza a empresa.



FP dual

Que sucede se a formación nos centros de traballo non é posible?

Os centros deben reprogramar a formación do alumnado con medidas de reforzo ou realizando o proxecto nos ciclos superiores, ou proposta de actividades asociadas á contorna laboral no resto dos ciclos.

A reprogramación da formación debe ser individualizada e terá en conta:

- A necesidade que ten o alumnado de facer reforzo educativo en resultados de aprendizaxe que non foron adquiridos na empresa.
- As tarefas que desenvolveu durante a realización da FP dual e o período de tempo que estivo no centro de traballo (se as tarefas non tiveron que ver co establecido no currículo para o módulo de FCT e/ou o tempo discurrido na empresa é escaso).

Da análise destas dúas cuestións, optarase por unha delas ou ben realizaranse de xeito simultáneo.

A reprogramación da formación para alumnado de FP dual de segundo curso de ordinario, implica cambios na matrícula en Xade?

Non; a reprogramación da formación no centro educativo non implica modificación da matrícula. O alumnado segue matriculado na modalidade de FP dual.

No caso de alumnado de FP dual de segundo curso de ordinario, pódese alongar a formación práctica ata o 31 de agosto?

Si. Neste caso enténdese que desde a finalización do curso e ata o 31 de agosto, como máximo, este alumno está a realizar a FCT.

Posto que o acordo inicial entre o centro educativo e a empresa para o desenvolvemento da FP dual remata en xuño, débese realizar unha prorroga do anterior.



Ordenación académica de FP

Durante o último trimestre, pódese avanzar contidos para alcanzar resultados de aprendizaxe?

Si, con límites.

Na parte xeral das Instrucións do 27 de abril establécese: “Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, de ser o caso, **ampliación das aprendizaxes anteriores**”.

Nas modalidades presenciais, que valor teñen na cualificación final os resultados de aprendizaxe traballados no terceiro trimestre?

Positivo, para beneficiar o alumnado

No punto 7.3, de directrices xerais, das Instrucións do 27 de abril establécese: “Realizárase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, de ser o caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre, **sempre e cando se beneficie o alumnado**.”

No punto 5.5 do apartado de FP, indícase: “a avaliación de cada módulo profesional realizárase atendendo ao carácter continuo desta, a partir das avaliacións anteriores, e ás actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza o alumno ou a alumna.

Na modalidade a distancia, que valor teñen na cualificación final os resultados de aprendizaxe traballados no terceiro trimestre?

No punto 5.7 do apartado de FP das Instrucións do 27 de abril recóllese que **para a cualificación final** de cada módulo **se terán en consideración os datos obtidos** polo profesorado titor das actividades desenvolvidas polo alumnado **ao longo de seu proceso de aprendizaxe**.

Así mesmo, no punto 5.6 establécese que para o cálculo da cualificación final de cada módulo, **xunto cos procesos de avaliación desenvolvidos ao longo do curso**, se terá en conta **a ponderación da proba final** presencial, que poderá ser substituída por unha proba desenvolvida mediante os recursos telemáticos utilizados de xeito habitual no desenvolvemento desta modalidade a distancia.

En calquera caso, o equipo docente do ciclo terá en consideración:

- a) As características do alumnado, así como a situación excepcional que está a vivir, tal como se recolle no punto 3.1 da Resolución do 27 de abril.
- b) Os elementos curriculares do módulo que sexan difíciles de adquirir especificamente por formación a distancia e non puidesen ser traballados de forma presencial nas titorías colectivas de carácter voluntario para o alumnado, que estivesen programadas.



Nas modalidades presenciais, como se realizan as probas ou as actividades de avaliación?

Se a situación sanitaria non permite a realización de probas presenciais:

As probas ou actividades de avaliación do terceiro trimestre realizaranse polo mesmo mecanismo co que cada centro viñera comunicándose co seu alumnado no desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe desde a suspensión da actividade presencial.

En calquera caso, no punto 6.11 do apartado de directrices xerais, nas Instrucións do 27 de abril, indícase (para as materias pendentes pero, por extensión, para outros casos):

"As probas poderán ser substituídas pola realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva".

Na modalidade a distancia, como se realizan as probas ou actividades de avaliación?

De igual maneira que nas modalidades presenciais.

Na modalidade a distancia, como se realiza a proba final de avaliación?

A proba final de avaliación, por norma xeral, débese realizar de forma presencial. Se a situación sanitaria non o permite, substituirase por unha proba desenvolvida mediante os recursos telemáticos utilizados de xeito habitual no desenvolvemento desta modalidade a distancia, mantendo a ponderación desta para o cálculo da cualificación final de cada módulo, xunto cos procesos de avaliación desenvolvidos ao longo do curso.

Que ocorre cos resultados de aprendizaxe esenciais que non puideron desenvolverse este curso no réxime ordinario?

O punto 5.1 das Instrucións do 27 de abril, no apartado de FP, adianta dúas posibles solucións de cara ao inicio do curso 2020-2021:

- Incorporar como actividades de formación.
- Incluír nun módulo profesional de segundo curso.



Que ocorre cos resultados de aprendizaxe esenciais que non puideron desenvolverse este curso no réxime de persoas adultas?

En adultos, de xeito presencial e a distancia, non temos garantido que o alumnado que temos matriculado no curso 2019-2020 tamén se matricule para o próximo curso 2020-2021. De matricularse no próximo curso, poderase aplicar o indicado na pregunta anterior para o réxime ordinario.

En FP dual poderase aplicar o indicado na pregunta anterior para o réxime ordinario.

É preciso modificar a programación na aplicación web?

A adaptación da programación para cada módulo realizarase mediante a aplicación informática web de programación, utilizando o procedemento establecido para o seu seguimento.

O alumnado deberá ser informado das actividades que cumpra realizar, así como da súa temporalización e da data en que serán avaliadas. Esta información, que non se pode obter dun modo directo da aplicación web, deberá ser publicada na páxina web do centro.

Cales son os criterios de promoción no réxime ordinario entre primeiro e segundo curso?

Nos ciclos de grao medio e de grao superior, non se aplica a limitación establecida na Orde do 12 de xullo de 2011, no sentido de que soamente está permitida a promoción se a suma da duración do módulo ou dos módulos pendentes non supera as 300 horas.

Nos ciclos de FPB non se aplica a limitación establecida na Orde do 13 de xullo de 2015, no sentido de que soamente está permitida a promoción se os módulos profesionais asociados a unidades de competencia pendentes non superan o 20 % do horario semanal e o alumnado supera o módulo de Comunicación e sociedade I ou o módulo de Ciencias aplicadas I.

Quen fai a proposta de promoción entre primeiro e segundo curso no réxime ordinario?

O equipo docente.

É posible obter a titulación con módulos que non fosen superados?

- **No réxime ordinario**, soamente pode titular o alumnado que realice o módulo de FCT e/ou de Proxecto, e sempre que se considere que teña adquirida a competencia xeral do título.
- **No réxime de persoas adultas**, tanto na modalidade presencial modular como a distancia: **NON É POSIBLE**. O alumnado nin sequera se matriculou do módulo de FCT e/ou Proxecto e, por tanto, non



se pode dicir que non superou os módulos. O que podemos dicir é que non os realizou, algo moi distinto a non superar, tal como indican as Instrucións do 27 de abril.

- **Na modalidade de FP dual de grupo completo**, tendo en conta que se realiza a FCT e/ou o Proxecto á vez que o resto dos módulos, o alumnado pode titular con algún módulo (calquera) non superado, sempre que se considere que teña adquirida a competencia xeral do título.

Cal é o criterio para conceder a titulación ao alumnado que teña módulos sen superar? Quen toma a decisión?

O criterio é confirmar que o alumnado adquiriu a competencia xeral do título.

A decisión recae no equipo docente, de forma colexiada.

O criterio de confirmar que o alumnado adquiriu a competencia xeral do títulos, é para decidir quen accede á FCT ou para titular?

Para titular.

Como se procede co alumnado de segundo curso que durante o terceiro trimestre está a realizar actividades de recuperación?

Tal como se indica nas Instrucións do 27 de abril con carácter xeral para todas as ensinanzas, punto 6.11: “No caso do alumnado do que non se dispoña de información obxectiva para unha avaliación de materias pendentes ou con avaliación negativa, poderá ser convocado a unha proba telemática, se a situación sanitaria non permite a realización de probas presenciais. Esta proba poderá ser substituída pola realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva. Deberanse detallar os criterios de avaliación, e cualificación e establecer as datas e os procedementos para a avaliación das materias pendentes”. Na FP temos que cambiar o concepto de materia polo de módulo.

Como se procede co alumnado con perda do dereito á avaliación continua?

Igual que co alumnado de segundo curso que durante o terceiro trimestre está a realizar actividades de recuperación.



O alumnado con perda do dereito á avaliación continua, pode superar o módulo a través das actividades de recuperación, repaso, reforzo e, de ser o caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se está a realizar co resto do alumnado durante o terceiro trimestre?

Si, se así o estima o equipo docente.

Se non é posible unha proba presencial, poderá ser convocado a unha proba telemática, aínda que tamén, esta proba poderá ser substituída pola realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva, tal como se indica nas Instrucións do 27 de abril con carácter xeral para todas as ensinanzas (punto 6.11).

Na terceira avaliación parcial de módulos de primeiro curso do réxime ordinario, e no réxime de persoas adultas, como se debe proceder?

Segundo o punto 5.5 do apartado de FP das Instrucións do 27 de abril, a avaliación de cada módulo profesional realizarase atendendo ao seu carácter continuo e, tendo en conta o regulado no artigo 27.3 da Orde de 12 de xullo de 2011, a partir das avaliacións anteriores e das actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza o alumno ou alumna.

Tal como se recolle nos artigos 29.3 e 34.3 da Orde do 12 de xullo de 2011, para o alumnado que teña módulos pendentes logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación.

Como se procede co alumnado que non superou algún módulo na terceira avaliación parcial de primeiro curso do réxime ordinario, ou no réxime de adultos, e ata a avaliación final de módulos, no período destinado á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes?

Igual que co alumnado de segundo curso que durante o terceiro trimestre está a realizar actividades de recuperación.

Cal será a cualificación definitiva no primeiro curso do réxime ordinario, ou no réxime de adultos?

Segundo os artigos 29.3 e 34.3 da Orde do 12 de xullo de 2011, **nos módulos superados na terceira avaliación parcial a cualificación final coincidirá coa obtida na terceira avaliación parcial**, e nos módulos non superados, tendo en conta o regulado no artigo 27.3 da Orde de 12 de xullo de 2011, a partir das avaliacións anteriores e das actividades desenvolvidas durante o período de recuperación entre a terceira avaliación parcial e a final, sempre que iso favoreza o alumno ou alumna.



Modifícase o límite de permanencia nas ensinanzas de FP?

Si.

Na normativa xeral está establecido que cada módulo soamente pode ser obxecto de catro convocatorias ordinarias, mais unha extraordinaria. Para o alumnado matriculado neste curso, amplíase a cinco convocatorias ordinarias, mais unha extraordinaria.

Tamén se amplía a permanencia no centro. Na normativa está establecido que o alumnado poderá realizar a matrícula de primeiro ou do segundo curso no mesmo centro un máximo de dúas veces. Para o alumnado matriculado neste curso, amplíase a tres veces.

De cara ao proceso de admisión a ciclos formativos do curso 2020-2021, o alumnado que estaba repetindo este ano e que volva repetir no curso que vén, no mesmo curso, centro e ciclo, terá a praza garantida como repetidor.